

Orgullo mariñán

Patricia Prieto Mariño

Abriu o seu primeiro negocio, o Centro de Estética Patricia en Viveiro

«O da beleza é un sector no que se está moi obrigado a estar ao día»

Nesta andaina como emprendedora, lanza unha aposta por tratamentos naturais

YOLANDA GARCÍA
VIVEIRO / LA VOZ

O 15 de setembro abría as portas do seu novo proxecto empresarial en solitario. A perruqueira e esteticista viveirense Patricia Prieto Mariño estreáse no mundo emprendedor despois dun período de reflexión e inquedanza que deu paso a un novo de ilusión e moitas ganas de traballar. Patricia é o nome do seu centro, en pleno casco histórico da cidade. —Por que tomou a decisión de abrir o seu propio negocio, sobre todo dentro dun sector tan forte como é o da beleza en Viveiro? —Quero ofrecer un centro que coíde e mime aos clientes.

—Canto tempo leva no sector? —Dez anos.

—Que servizos ofrece e por que marcas apostou nesta andaina?

—Ofrezco depilación con fio, ceras, masaxes, tratamentos corporais e faciais, láser de diodo (que fai unha profesional externa). En marcas, traballo con Aròms Natur en cosmética de cabina. En maquillaxe, que é tratante, con Masters Colors París. A miña aposta é polos tratamentos naturais; vexo que hai demanda.

—Como foron estes primeiros quince días tras a apertura?

—Foron días de nervios, ilusión, incertidume, alegría tamén porque vin xente que había moito tempo que non vía. Agora como emprendedora teño respecto pero ao mesmo tempo véxome decidida porque era o momento. E con moitas ganas de traballar!

—Que é o que máis se demanda agora mesmo en beleza?

—Como aínda estamos no tempo de sol, porque o verán se está alongando, sobre todo manicuras e pedicuras. En tratamentos faciais, sobre todo limpeza. Vén



Patricia Prieto, con dez anos de experiencia no sector, está moi ilusionada con este proxecto. P. LOSADA

DNI. Viveiro, 1982.

Formación. En A Coruña, en Centros Ánxela, en perruqueira (dous anos) e estética (un ano).

O seu novo centro. O local está ubicado no antigo salón de Magda, na rúa Pastor Díaz, número 58, primeiro b. O teléfono de contacto é: 982 879 580

moi ben facer unha despois do verán, un detox como se soe dicir.

—Falou antes da depilación ao fio.

—Cun fio de algodón fanse dous tratamentos nun. Por un lado, arranca de raíz o pelo. Por outro, fai un pequeno peeling na zona. É para toda a zona facial. Hai xente que non aguanta a cera. O fio é especial para xente coa pel delicada e sensible.

—De sempre, a gran clientela deste tipo de centros foi femi-

nina. **Xa ten algo de masculina?**

—De momento, a que estou recibindo é feminina, pero tamén atendo masculina. Esta semana fago un dez por cento de desconto descomto en todo, excepto láser. Ademais, o vindeiro día 11 deste mes, con cita previa, teño previsto celebrar unha xornada de tratamento renovador da pel e unha posta a punto en beleza, coa presenza dunha asesora para detectar os nosos puntos fortes, por exemplo, á hora de aplicar a maquillaxe.

—Neste sector, ten tamén moito peso o factor da innovación.

—Si, é un sector no que se está moi obrigado a estar ao día.

—Esta última fin de semana foi, por exemplo, a feira Look no Ifema en Madrid, onde se viron as últimas novidades. Puido ir?

—Non, non puideron. Pero si, a miña intención é ir a feiras do sector e estar ao día.

tor e estar ao día.

—Dentro das cuestións de beleza que máis pode preocupar á xente, a figura é importante?

—Si, vexo que a xente precúpase cada vez máis pola figura, a súa imaxe en xeneral pero tamén busca tratamentos e produtos que non sexan agresivos. Por iso, eu decántome pola liña natural e por facer manualmente os tratamentos, que non impide que incorpore algunha máquina, pero preferiblemente o mínimo.

—Que tipo de beleza se busca?

—A xente o que quere é tersana a pel, ou tamén non ter ningunha arruga.

—Iso dependerá da idade...

—Xa o di o refrán que 'a cara é o espello da alma'; iso demostra tamén o que viviches ou non viviches. Podemos dicilo do corpo en xeneral tamén.

ARRIBA O PANO!

O coelliño do trinque

O outro día asistín a un espectáculo lamentable. Non, non foi no teatro, desafortunadamente.

Estibaliz Veiga

Foi no contexto dunha festa xennial onde imperaba o gozo e a boa enerxía en Foz. Mais con todo, un grupo de xente estaba mirando o trinque dun local e un par de persoas chamaban por teléfono. Había un coello, si. Non era un coello de peluche, era real. Ó pouco unha muller (a «propietaria») apareceu berrando e insultando a aqueles que, coído, auxiliaba ó animal. Non souben máis, e non quero saber porque me parece decepcionante que isto sexa exactamente a metáfora do momento que vivimos.

Os animais non son instrumentos de entretemento, son responsabilidades e compromisos que adquirimos os que se supón que somos seres racionais.

Teño a sorte de coñecer a Montse do Cat Café do Burgo (A Coruña), lugar onde en 16 meses atoparon máis de 150 gatos fogar e CARIÑO.

Apela ó sentido común, compromiso de castración. Eles rescátanos, trátanos, esterilízanos e búscanlles familia pero di que nada vai cambiar hasta que todos (institucións incluídas) sexamos de verdade conscientes desta necesidade.

Jordan foi abandonado diante do meu portal, nada máis verme púxose panza arriba e a rosmar de led. Obvio que era da casa, non da rúa. Igual xa non valía para «estar no trinque». Unha parella e máis eu recollémolo e levámoslo ó Cat (rúa da Tapia, 6) onde el e outros lindos gatiños agardan ser adoptados.

Soñan levar o proxecto a outras cidades para poder darlles un futuro mellor a peludos que non son de espuma e pelo sintético, son nobreza, mimos, lealdade e sobre todo, amor verdadeiro. #NONMERQUESADOPTA

*Estibaliz Veiga é actriz.



Es tiempo de
ahorrar luz
con Viesgo

Puedes visitarnos en:
Lugo • Quiroga Ballesteros, 13
Foz • Rúa das Corporaciónes, 37
Vilalba • Xose María Chao, 2

900 11 88 66 • viesgoclientes.com

VIESGO